

## Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2019.2 DAS AXUDAS PARA NOVOS EMPRENDEDORES, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 (GALICIA EMPRENDE)

### 1. Antecedentes:

Por Resolución do 2 de abril de 2019 (DOG nº 75, do 17 de abril) publicáronse as bases reguladoras das axudas do Igape para novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e procedeuse á súa convocatoria para o exercicio 2018 en réxime de concorrència competitiva.

As axudas da presente convocatoria fináncianse no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 80%, computándose como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20% restante. En particular:

Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.01: Promoción do espírito empresarial, en particular facilitando o aproveitamento económico de novas ideas e impulsando a creación de novas empresas, tamén mediante viveiros de empresas.

Obxectivo Específico 03.01.02: Creación de novas empresas e viveiros de empresas, en particular mellorando o acceso ao financiamento e a servizos de apoio avanzados.

Actuación 3.1.2.1: Incentivos aos investimentos en activos tanxibles e intanxibles, aprovisionamentos para a posta en marcha, e outros gastos iniciais para novas persoas emprendedoras ou empresas de recente creación.

Campo de Intervención 067: Desenvolvemento empresarial das pemes, apoio ao espírito de empresa e a incubación (incluíndo o apoio a empresas incipientes e empresas derivadas).

Liña de actuación 50: servizos a persoas emprendedoras e apoio financeiro para investimentos en activos tanxibles e intanxibles, aprovisionamentos para a posta en marcha para novos emprendedores ou empresas de recente creación.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2 do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Para a avaliación das 91 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos nas bases reguladoras da axuda:

- O sector de actividade a que se dirixe o proxecto (0-30 puntos). Aos proxectos dos sectores relacionados no anexo III destas bases asignaráselle 30 puntos.
- O valor engadido medio xerado pola actividade económica en que se vai encadrar o proxecto (en función da ratio asinable a cada sector de actividade a 2 díxitos), segundo as táboas indicadas no anexo IV destas bases (0-30 puntos). A puntuación vén dada por aplicación da seguinte fórmula: (valor engadido medio do sector $\times$ 30)/ 98,34; sendo 98,34 o valor máis alto do valor engadido bruto/ingresos dos distintos sectores de actividade.
- A cualificación do proxecto como iniciativa de emprego de base tecnolóxica (lebt) polo órgano competente da Xunta de Galicia (10 puntos).
- Compromiso de creación de emprego indefinido por conta allea. Outorgaranse 5 puntos por cada novo emprego que se comprometan a crear (máximo 20 puntos).
- Cualificación da viabilidade do plan de empresa presentado xunto coa solicitude a través dos servizos da unidade Galicia Emprende. A dita cualificación deberá ter carácter previo á solicitude de axuda. As alteracións no plan de empresa non aceptadas polo Igape poderán supoñer a revogación da cualificación da dita viabilidade do proxecto (10 puntos).

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 91 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta os anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS DO IGAPE PARA NOVOS EMPRENDEDORES, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL, NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 (GALICIA EMPRENDE), con data 31/03/2020.

## 2. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar a concesión das subvencións aos 46 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 1.475.956,87 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

**Segundo.** Denegar as 27 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

**Terceiro.** Arquivar sen máis trámite as 18 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

**Cuarto.** Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

**Quinto.** Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es) (apartado "Consulta de resolucións definitivas" <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 10.5 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo [www.tramita.igape.es](http://www.tramita.igape.es), utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

## 3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou a partir do día en que se puxo á súa disposición no caso de non acceder ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou a partir do día en que se puxo á súa disposición no caso de non acceder ao seu contido.

#### 4. Suspensión de prazos

Se ben o/s prazo/s especificado/s na presente resolución, de conformidade co establecido na disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedan suspendidos ata que finalice a vixencia das medidas adoptadas.

Non obstante o anterior, durante este período de suspensión, sempre e cando o interesado manifeste de xeito expreso a súa conformidade, poderá presentar documentación de xeito telemático.

#### Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Juan Manuel Cividanes Roger	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

## ANEXO I

### Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2019.2 DAS AXUDAS PARA NOVOS EMPREENDEDORES, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 (GALICIA EMPRENDE)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG107.2019.2.32	CENTRO DE DIA A DOBLADA, S.L. (B27875236)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	62,00	15/06/2021	25/06/2021	137.958,64	30,00	41.387,59
IG107.2019.2.50	46472314D	Proxecto empresarial de novos emprendedores	62,00	15/06/2021	25/06/2021	28.535,09	30,00	8.560,53
IG107.2019.2.43	Arzeos Aircraft, S.L. (B94193638)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	60,00	15/06/2021	25/06/2021	50.099,00	30,00	15.029,70
IG107.2019.2.35	Moreiras diseño dental, S.L (B27874700)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	55,00	15/06/2021	25/06/2021	106.084,36	30,00	31.825,31
IG107.2019.2.47	Y5712542T	Proxecto empresarial de novos emprendedores	45,00	15/06/2021	25/06/2021	360.000,00	30,00	108.000,00
IG107.2019.2.53	TREE OF LIFE SERVICIOS FUNERARIOS, S.L. (B70491576)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	34,00	15/06/2021	25/06/2021	500.000,00	30,00	150.000,00
IG107.2019.2.10	MI DENTISTA CORUÑA, S.L. (B70592779)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	32,00	15/06/2021	25/06/2021	239.389,67	30,00	71.816,90
IG107.2019.2.83	HEXA CALVARIO HOSTEL GROUP, S.L.U. (B27872381)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	31,00	15/06/2021	25/06/2021	52.318,31	30,00	15.695,49



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG107.2019.2.68	CAMBADOS DENTAL, S.L. (B94194545)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	27,00	15/06/2021	25/06/2021	96.370,00	30,00	28.911,00
IG107.2019.2.46	34262428H	Proxecto empresarial de novos emprendedores	26,00	15/06/2021	25/06/2021	83.793,00	30,00	25.137,90
IG107.2019.2.51	MIMATE SPORT, S.L.L. (B94189040)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	26,00	15/06/2021	25/06/2021	144.370,72	30,00	43.311,22
IG107.2019.2.73	URBAN GLOBAL 2018,S.L. (B27862580)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	25,00	15/06/2021	25/06/2021	149.500,00	30,00	44.850,00
IG107.2019.2.17	MARTINEZ Y ZOBRA, SLP (B94192309)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	24,00	15/06/2021	25/06/2021	119.643,12	30,00	35.892,94
IG107.2019.2.37	bizargintza mens, s.l. (B94195138)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	24,00	15/06/2021	25/06/2021	56.192,19	30,00	16.857,66
IG107.2019.2.6	Green Fast Good, S.L. (B70569462)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	21,00	15/06/2021	25/06/2021	83.750,98	30,00	25.125,29
IG107.2019.2.24	36140981T	Proxecto empresarial de novos emprendedores	21,00	15/06/2021	25/06/2021	26.715,02	30,00	8.014,51
IG107.2019.2.28	76998471Z	Proxecto empresarial de novos emprendedores	21,00	15/06/2021	25/06/2021	64.496,38	30,00	19.348,91
IG107.2019.2.34	53187359C	Proxecto empresarial de novos emprendedores	21,00	15/06/2021	25/06/2021	176.972,63	30,00	53.091,79
IG107.2019.2.57	LEISDONET, S.L.U. (B70569520)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	21,00	15/06/2021	25/06/2021	150.923,10	30,00	45.276,93



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG107.2019.2.67	GARCIA ROBATA, S.L. (B27834308)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	21,00	15/06/2021	25/06/2021	127.693,21	30,00	38.307,96
IG107.2019.2.31	SAL Y ARENA PUNTA MONTALVO, S.L.U. (B94189396)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	20,00	15/06/2021	25/06/2021	390.543,34	30,00	117.163,00
IG107.2019.2.66	CENTRO DE DIA AS CAMELIAS, S.L. (B27875806)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	20,00	15/06/2021	25/06/2021	55.370,00	30,00	16.611,00
IG107.2019.2.71	ALOJAMIENTO TURISTICO BLANCO ROSALES, S.L (B94183522)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	20,00	15/06/2021	25/06/2021	25.010,55	30,00	7.503,17
IG107.2019.2.81	PEREZ & ALONSO TRADE, S.L. (B70601240)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	19,00	15/06/2021	25/06/2021	28.050,00	30,00	8.415,00
IG107.2019.2.58	53198117Z	Proxecto empresarial de novos emprendedores	17,00	15/06/2021	25/06/2021	51.973,77	30,00	15.592,13
IG107.2019.2.69	PONTEVEDRA VERDE, SL (B94195435)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	17,00	15/06/2021	25/06/2021	38.669,92	30,00	11.600,98
IG107.2019.2.29	10071703A	Proxecto empresarial de novos emprendedores	15,00	15/06/2021	25/06/2021	57.190,52	30,00	17.157,16
IG107.2019.2.59	44078667H	Proxecto empresarial de novos emprendedores	15,00	15/06/2021	25/06/2021	26.717,20	30,00	8.015,16
IG107.2019.2.77	RIVER ELECTROMECHANICA, S.L.L. (B94194636)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	15,00	15/06/2021	25/06/2021	30.814,31	30,00	9.244,29
IG107.2019.2.15	53484373N	Proxecto empresarial de novos emprendedores	14,00	15/06/2021	25/06/2021	45.010,00	30,00	13.503,00



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG107.2019.2.42	LAR DO BELELLE, S.L. (B70599998)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	14,00	15/06/2021	25/06/2021	86.897,06	30,00	26.069,12
IG107.2019.2.74	78802306M	Proxecto empresarial de novos emprendedores	14,00	15/06/2021	25/06/2021	212.507,61	30,00	63.752,28
IG107.2019.2.25	YE STUDIO, S.L. (B27872852)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	12,00	15/06/2021	25/06/2021	51.922,82	30,00	15.576,85
IG107.2019.2.33	FISH FACTORY, S.L. (B70599923)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	12,00	15/06/2021	25/06/2021	63.850,00	30,00	19.155,00
IG107.2019.2.48	LUCUS PADEL, S.L. (B27510718)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	11,00	15/06/2021	25/06/2021	112.500,00	30,00	33.750,00
IG107.2019.2.55	PORTA - FABRICA DE CORDONES, S.R.L. (B70601794)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	11,00	15/06/2021	25/06/2021	25.032,00	30,00	7.509,60
IG107.2019.2.64	44088267G	Proxecto empresarial de novos emprendedores	11,00	15/06/2021	25/06/2021	77.804,82	30,00	23.341,45
IG107.2019.2.75	THE HOUSE OF CRAFT BEER, S.L. (B27875830)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	11,00	15/06/2021	25/06/2021	38.706,13	30,00	11.611,84
IG107.2019.2.70	Bao Diseño, S.L (B32497737)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	10,00	15/06/2021	25/06/2021	32.330,28	30,00	9.699,08
IG107.2019.2.36	32705382A	Proxecto empresarial de novos emprendedores	9,00	15/06/2021	25/06/2021	126.740,09	30,00	38.022,03
IG107.2019.2.90	33549283B	Proxecto empresarial de novos emprendedores	7,00	15/06/2021	25/06/2021	25.273,22	30,00	7.581,97



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG107.2019.2.7	32829793F	Proxecto empresarial de novos emprendedores	6,00	15/06/2021	25/06/2021	26.443,66	30,00	7.933,10
IG107.2019.2.20	32646805F	Proxecto empresarial de novos emprendedores	5,00	15/06/2021	25/06/2021	162.394,84	20,15	32.718,45
IG107.2019.2.76	BC MOTOR CASTRELOS,S.L.L. (B27874916)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	5,00	15/06/2021	25/06/2021	31.981,20	24,62	7.874,86
IG107.2019.2.84	APARTAMENTOS MAYMA, SL (B27512052)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	5,00	15/06/2021	25/06/2021	269.500,00	30,00	80.850,00
IG107.2019.2.89	DISTRIBUCIONES AGIS Y MARTINEZ, S.L. (B94144409)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	5,00	15/06/2021	25/06/2021	130.882,40	30,00	39.264,72

**TOTAL:**

**1.475.956,87**



## ANEXO II

### Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2019.2 DAS AXUDAS PARA NOVOS EMPRENDEDORES, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 (GALICIA EMPRENDE)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG107.2019.2.1	53172261X	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.4.b) das bases reguladoras. O proxecto non presenta un custo subvencionable igual ou superior a 25.000,00€.</p> <p>Os custos que forman parte da partida «Gastos de investigación e desenvolvemento», de acordo ao detalle achegado: «ESTRATEGIA Y PLANIFICACIÓN EN RRSS, REPUTACIÓN ONLINE, ESTRATEGIA SEO» por importe de 35.200,00€, non teñen a consideración de gastos de investigación e desenvolvemento (encargados a terceiros) e non son conceptos subvencionables de acordo ao artigo 5 das bases reguladoras. O importe neto do investimento e gastos subvencionables que resulta da avaliación é de 8.580,00€. Este importe é inferior ao mínimo esixido.</p>
IG107.2019.2.2	A BOA VIANDA,S.L.L. (B94188323)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 3º das bases da convocatoria onde se indica que estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que a contía das axudas acumuladas non supere as porcentaxes máximas establecidas no artigo 6 destas bases. Non obstante, estas axudas están suxeitas ao réxime de incompatibilidades establecido no artigo 65.11 do mencionado Regulamento (UE) 1303/2013, de xeito que unha operación poderá recibir axuda dun ou varios fondos EIE ou dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado nunha solicitude de pagamento correspondente a un dos fondos EIE non se declare para solicitar axuda doutro fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa operativo distinto. O importe do gasto que deberá consignarse nunha solicitude de pagamento dun fondo EIE pode ser calculado para cada fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a pro rata, conforme o documento en que se establezan as condicións da</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			axuda.  A Boa Vianda SLL ten concedida unha axuda co expediente IG107.2019.1.76 para o proxecto de creación de tenda de croquetas Esta axuda está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).
IG107.2019.2.3	35449179S	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Incumprimento do establecido no artigo 3.1 das Bases reguladoras das axudas do Igape para novos emprendedores, que indica que de acordo co disposto no art. 65.11 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, no caso de concorreren no proxecto outras axudas, financiadas con outros fondos EIE ou outros instrumentos da Unión, serán compatibles a condición de que o mesmo concepto de gasto non estea subvencionado por outro instrumento da Unión, nin polo mesmo Fondo Feder conforme a un programa operativo distinto. Consta unha axuda concedida a través do programa Galicia Emprende para o mesmo proxecto, expte.: IG107.2019.1.42, subvencionada con Fondos Feder, polo que é incompatible coa solicitada.
IG107.2019.2.4	PADDOCK, S.C. (J94189479)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Incumprimento do artigo 4.2 das bases reguladoras da axuda que establece que, non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia. A empresa solicitante, Paddock, S.C., non ten personalidade xurídica propia.
IG107.2019.2.5	CLICK & QUIM,SL (B70594189)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Proxecto non subvencionable por resultar incoherente, tendo en conta que, se solicita subvención para a actividade de comercio polo xunto de produtos de perfumería e cosmética, cando todos os activos solicitados están destinados á actividade de fabricación.
IG107.2019.2.9	78156603G	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Incumprimento do artigo 1.4 e 5.2 das bases reguladoras.  O artigo 1.4 das bases reguladoras indica que os proxectos obxecto de apoio deberán cumprir o requisito de non ter comezado antes da presentación da solicitude da axuda.  O artigo 5.2 das bases reguladoras indica que dentro das condicións dos custos alegados sobre os cales se solicita subvención, atópase a de que non se poderán incorrer con carácter previo á solicitude da axuda; se fose así, o



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			<p>proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.</p> <p>Achegase documento de compraventa de 20/06/2020, antes da data de presentación da solicitude.</p>
IG107.2019.2.13	44346659Z	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Detráese o importe de activos intangibles para a contratación de persoal en 3 anos, por 112.000 € ao non ser un concepto subvencionable segundo o artigo 5º das bases da convocatoria.</p> <p>Este feito implica o incumprimento do artigo 1.4.b), das Bases da convocatoria que establece que, "poderán ser subvencionables proxectos promovidos por novos emprendedores cun investimento subvencionable superior a 25.000 e non superior a 500.000 €". Unha vez detraído o concepto: contratación de persoal en 3 anos por importe de 112.000 €, , o proxecto queda reducido a unha base subvencionable de 16.987,82 €, cantidade que non acada o investimento mínimo establecido.</p>
IG107.2019.2.14	34300100Q	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.4.b), das Bases da convocatoria que establece que, "poderán ser subvencionables proxectos promovidos por novos emprendedores cun investimento subvencionable superior a 25.000 e non superior a 500.000 €". O proxecto presenta unha base subvencionable de 14.928 €, cantidade que non acada o investimento mínimo establecido.</p>
IG107.2019.2.16	Y5914100D	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 5.1 das bases reguladoras da axuda para novos emprendedores, que recolle os investimentos e gastos subvencionables para esta programa de axuda. A titular do expediente solicita os seguintes conceptos, non recollidos no citado artigo, e polo tanto, non subvencionables: coche (10.000 €), combustible 12 meses (4.800 €), materiais consumibles de oficina (10.000 €) e mercancía/café (40.000 €).</p> <p>No que se refire á reforma solicitada (9.000 €), non se considera subvencionable, posto que non achega documentación técnica necesaria para a realización da obra, tal como establece o artigo 7.3. a) 4º ii) das bases reguladoras, e con respecto ao importe solicitado para aluguer de local (14.000 €), non se considera subvencionable, tendo en conta que, o pre-contrato de servizo de almacén e oficina formalizado con vigospace, S.L. carece de prazo de duración, e non consta nel, que o local se destinará para o fin concreto para o que se solicitou a subvención, incumpríndose os artigos 5.4 e 7.3 a) 7º das</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			<p>bases reguladoras da axuda.</p> <p>Incumprimento do artigo 1.4.b), das citadas Bases que establece que poderán ser subvencionables proxectos promovidos por novos emprendedores cun investimento subvencionable superior a 25.000. Tendo en conta que, unha vez detraídos os conceptos non subvencionables, o proxecto queda reducido a unha base de 13.960 €.</p>
IG107.2019.2.19	ZENDOIRA, C.B. (E27477728)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Incumprimento do artigo 4.2 das bases reguladoras da axuda que establece que, non poderán ser beneficiarias as agrupacións de persoas xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade que careza de personalidade xurídica propia. A empresa solicitante, Zendoira, C.B. non ten personalidade xurídica propia.
IG107.2019.2.21	76581102A	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.4 a) que establece como requisito para os proxectos, non ter comenzado antes da presentación da solicitude. Na comunicación previa ao inicio de obra presentada no Concello de Sarria o 11 de xuño de 2019, achegada xunto coa solicitude da axuda, non se indica a data de inicio das obras, e consta no propio modelo que, de non indicarse, entenderase que a obra comenza ao día seguinte da presentación da comunicación, é dicir, o 12 de xuño de 2019. A solicitude da axuda é de data 2 de outubro de 2019 e polo tanto, a obra xa comenzara, incumpríndose o citado artigo.</p> <p>Ademáis, na comunicación previa ao inicio de obra, consta un importe de execución material de 5.200 €, sendo esta a cantidade máxima admitida como investimento subvencionable, para a partida de obra civil, e non o importe de 47.820,24€, cumprimentado no formulario de solicitude. O que supón o incumprimento do artigo 1.4.b), das bases reguladoras da axuda que establece que, poderán ser subvencionables proxectos promovidos por novos emprendedores cun investimento subvencionable superior a 25.000, tendo en conta que, unha vez realizado o axunte no importe da obra, o proxecto queda reducido a unha base de 20.701,22 €, cantidade que non acada o investimento mínimo esixido.</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG107.2019.2.30	COMIDA RAPIDA, SANA Y BARATA, S.L. (B70573746)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 3º das bases da convocatoria onde se indica que estas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas sempre que a contía das axudas acumuladas non supere as porcentaxes máximas establecidas no artigo 6 destas bases. Non obstante, estas axudas están suxeitas ao réxime de incompatibilidades establecido no artigo 65.11 do mencionado Regulamento (UE) 1303/2013, de xeito que unha operación poderá recibir axuda dun ou varios fondos EIE ou dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado nunha solicitude de pagamento correspondente a un dos fondos EIE non se declare para solicitar axuda doutro fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa operativo distinto. O importe do gasto que deberá consignarse nunha solicitude de pagamento dun fondo EIE pode ser calculado para cada fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate a pro rata, conforme o documento en que se establezan as condicións da axuda.</p> <p>COMIDA RAPIDA, SANA Y BARATA, S.L. ten concedida unha axuda co expediente IG1233.2019.1.73 para o proxecto de Digust Chef virtual Esta axuda está cofinanciada polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).</p>
IG107.2019.2.39	CASA ROAN, S.L. (B27513365)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 4 das bases reguladoras. A sociedade solicitante non ten a condición de beneficiaria.</p> <p>O artigo 4.1.c) das bases reguladoras indica que cando da documentación e dos datos que consten no expediente se deduza que se produce unha continuidade de empresa preexistente, poderase denegar motivadamente a axuda. Esta exixencia será de aplicación para todas as persoas físicas e xurídicas, e para todos os socios cando o solicitante sexa unha persoa xurídica.</p> <p>A data de presentación da solicitude foi o 17/10/2019. Un dos socios, leva desenvolvendo unha actividade, CNAE 5520 / IAE 685 dende 07/03/2017.</p>
IG107.2019.2.40	53483487T	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do establecido no artigo 3.1 das Bases reguladoras das axudas do Igape para novos emprendedores, que indica que de acordo co disposto no art. 65.11 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, no caso de concorreren no proxecto outras axudas, financiadas con outros fondos EIE ou outros instrumentos da Unión, serán compatibles a condición de que o mesmo</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			concepto de gasto non estea subvencionado por outro instrumento da Unión, nin polo mesmo Fondo Feder conforme a un programa operativo distinto. Consta unha axuda concedida a través do programa Galicia Emprende para o mesmo proxecto, expte.: IG107.2019.1.71, subvencionada con Fondos Feder, polo que é incompatible coa solicitada.
IG107.2019.2.41	Y6389549W	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.2 das bases reguladoras da axuda que establece: considérase emprendedor, para os efectos destas bases, aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia na data de presentación da solicitude da axuda. A titular do expediente, solicita o 17/10/2019 subvención para a actividade de Servicios de colocación e suministros de persoal (I.A.E. 849.6), cando consta alta, a data 15/04/2019, en varias actividades: Comercio por xunto de calzado, peletería, marroquinería (I.A.E. 613.4), comercio por xunto de accesorios vestido ncop (I.A.E. 613.9), comercio polo miúdo de prendas de vestir e tocado (I.A.E. 651.2) e servizos de xestión administrativa (I.A.E. 849.7). O que supón o incumprimento do citado artigo.</p> <p>Incumprimento do artigo 4.1.b) das bases reguladoras da axuda que establece que os autónomos, deberán ter unha dedicación exclusiva ao proxecto, non poderán desempeñar outra actividade dende o día da solicitude, e, ata o fin do período de execución do proxecto establecido na resolución. A titular do expediente non ten dedicación exclusiva a data da solicitude da axuda, posto que, está dado de alta en 5 actividades económicas, e polo tanto, incumpre o citado artigo.</p>
IG107.2019.2.44	ALBERGUE KAPUSERU INN,S.L. (B27488980)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Incumprimento do artigo 1 das bases reguladoras da axuda, tendo en conta que, a Sociedade albergue kapuseru inn, s.l., solicita axuda, o 17 outubro de 2019, para un proxecto de creación dun albergue, cando o seu único socio, ven desenvolvendo outra, dende o 10 de abril de 2017, en concreto, comercio polo miúdo de mobles (I.A.E. 653.1) , e polo tanto, está acometendo outra actividade, por conta propia a data da presentación da solicitude, incumprindo o citado artigo.



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG107.2019.2.45	47377356R	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.4.b), das Bases da convocatoria que establece que, "poderán ser subvencionables proxectos promovidos por novos emprendedores cun investimento subvencionable superior a 25.000 e non superior a 500.000 €". O proxecto presenta unha base subvencionable de 17.516,70 €, cantidade que non acada o investimento mínimo establecido.</p> <p>A razón desta cifra é a detracción de 12.183,3€ para axustar o importe de obra civil para construción, reforma ou rehabilitación de instalacións en bens inmobles en propiedade aos módulos de custos subvencionables máximos recollidos no anexo V do cuestionario para obra civil oficinas (303 €/m2).</p> <p>Segundo a memoria valorada para o acondicionamento interior de planta baixa de vivenda unifamiliar con destino a despacho achegada na subsanación do requerimento, a superficie a reformar é: Local 38,10 m2, Distribuidor (4,90 m2) e baño 5,50 m2). Isto supón un total de 48,9 m2 aplicando o importe máximos de custo subvencionable implica un importe máximo de 14.816,7 € para reforma de local de oficinas.</p>
IG107.2019.2.49	79340236B	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.4 das bases reguladoras. O proxecto ten comezado antes da presentación da solicitude de axuda.</p> <p>Incumprimento do artigo 5.2 das bases reguladoras. Os custos alegados, sobre os cales se solicita subvención, foron incorridos con carácter previo a presentación da solicitude.</p> <p>O artigo 1.4 das bases reguladoras indica que os proxectos obxecto de apoio deberán cumprir o requisito de non ter comezado antes da presentación da solicitude da axuda.</p> <p>O artigo 5.2 das bases reguladoras indica que dentro das condicións dos custos alegados sobre os cales se solicita subvención, atópase a de que non se poderán incorrer con carácter previo á solicitude da axuda; se fose así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.</p> <p>A data da solicitude da axuda é do día 18/10/2019. Achega un contrato de compraventa con data 01/10/2019, no que se indica que é plenamente vinculante entre as partes e que existe unha cantidade anticipada depositada.</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG107.2019.2.54	76811254V	Proxecto empresarial de novos emprendedores	Incumprimento do artigo 1.2 das bases reguladoras da axuda que establece: considérase emprendedor, para os efectos destas bases, aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia na data de presentación da solicitude da axuda. O titular do expediente, Joaquín Soliño Fernández, solicita o 21/10/2019 subvención para a actividade de comercio polo miúdo de froitas (I.A.E. 641, C.N.A.E. 47.21), cando consta de alta, a data 06/04/2019 (anterior á solicitude), na actividade de Comercio por xunto de froitas (I.A.E. 612.3, C.N.A.E. 46.31). O que supón o incumprimento do citado artigo.
IG107.2019.2.60	77420561P	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.2 das bases reguladoras da axuda que establece: considérase emprendedor, para os efectos destas bases, aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia na data de presentación da solicitude da axuda. O titular do expediente, solicita o 18/10/2019 subvención para a actividade de mantemento e reparación de vehículos de motor (I.A.E. 751.5), cando consta de alta, a data 02/10/2019, na actividade de Produtos alimenticios e bebidas (I.A.E. 647.5). O que supón o incumprimento do citado artigo.</p> <p>Incumprimento do artigo 4.1.b) das bases reguladoras da axuda que establece que os autónomos, deberán ter unha dedicación exclusiva ao proxecto, non poderán desempeñar outra actividade dende o día da solicitude, e, ata o fin do período de execución do proxecto establecido na resolución. O titular do expediente non ten dedicación exclusiva a data da solicitude da axuda, posto que, está dado de alta en 2 actividades económicas, e polo tanto, incumpre o citado artigo.</p>
IG107.2019.2.62	LA BOLA DE CRISTAL III CORUÑA,S.L. (B70583281)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 1.4 das bases reguladoras. O proxecto ten comezado antes da presentación da solicitude de axuda.</p> <p>Incumprimento do artigo 5.2 das bases reguladoras. Os custos alegados, sobre os cales se solicita subvención, foron incorridos con carácter previo a presentación da solicitude.</p> <p>O artigo 1.4 das bases reguladoras indica que os proxectos obxecto de apoio deberán cumprir o requisito de non ter comezado antes da presentación da</p>





Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			<p>solicitude da axuda.</p> <p>O artigo 5.2 das bases reguladoras indica que dentro das condicións dos custos alegados sobre os cales se solicita subvención, atópase a de que non se poderán incurrir con carácter previo á solicitude da axuda; se fose así, o proxecto no seu conxunto sería non subvencionable.</p> <p>A data da solicitude da axuda é do día 18/10/2019. Acheganse documentos sobre partidas que figuran no proxecto que se presenta, e que indican que foron incorridos antes de esa data, polo que fan que o proxecto no seu conxunto sexa non subvencionable.</p>
IG107.2019.2.65	SABORES LEJANOS, S.L. (B70599667)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 4.a) das bases reguladoras. A sociedade solicitante non ten a condición de beneficiaria.</p> <p>O artigo 4.1 das bases reguladoras indica que no caso de sociedades mercantís, o seu capital terá que atoparse maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que cumpran a condición de novo emprendedor segundo o establecido no artigo 1.2.</p> <p>O artigo 1.2 das bases reguladoras indica que considérase novo emprendedor aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia na data de presentación da solicitude de axuda.</p> <p>A data da solicitude da axuda foi o día 18/10/2019. Pola documentación achegada, o 75% do capital pertence a unha persoa física que estaba a desenvolver outra actividade económica por conta propia dende o 02/05/2018, CNAE 4724.</p>
IG107.2019.2.72	BAIXO MIÑO PADEL, S.L. (B94192549)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 4.1.a) das bases reguladoras. A sociedade solicitante non ten a condición de beneficiaria.</p> <p>O artigo 4.1 das bases reguladoras indica que no caso de sociedades mercantís, o seu capital terá que atoparse maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que cumpran a condición de novo emprendedor segundo o establecido no artigo 1.2.</p> <p>O artigo 1.2 das bases reguladoras indica que considérase novo emprendedor</p>

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			<p>aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia na data de presentación da solicitude de axuda.</p> <p>A data da solicitude da axuda foi o día 18/10/2019. Pola documentación achegada, ningún dos socios ten a maioría do capital polo que a condición do artigo 1.2. ten que cumprirse por todos. No momento de presentación da axuda, un dos socios, estaba a desenvolver outra actividade económica por conta propia dende o 02/07/2019, CNAE 8551.</p>
IG107.2019.2.78	76824535G	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 5.1.a).2º das bases reguladoras da axuda para novos emprendedores, que establece que serán subvencionables entre os bens de equipamento os elementos de transporte interior. O titular do expediente solicita subvención para o ben de equipo embarcación (36.308 €), sendo este un elemento de transporte exterior, e polo tanto, concepto non subvencionable.</p> <p>Incumprimento do artigo 1.4.b), das citadas Bases que establece que poderán ser subvencionables proxectos promovidos por novos emprendedores cun investimento subvencionable superior a 25.000. Tendo en conta que, unha vez detraídos o concepto non subvencionable embarcación (36.308 €), o proxecto queda reducido a unha base de 0 €.</p>
IG107.2019.2.82	RAÍCES CELTAS, S.L (B27874726)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Indefinición do alcance do proxecto presentado. Non se determina que sexa un proxecto de creación dunha peme (artigo 1 e 10).</p> <p>O total de investimento en obra civil indicado na cuestionario é inferior ao total da oferta do contratista achegada coa solicitude e ao do proxecto técnico e as outras dúas ofertas achegadas no trámite de subsanación. A solicitante aclara que o importe do cuestionario é só para a fase 1 do proxecto, Non se concreta o alcance desa fase 1, que parte da obra civil inclúe, nin se determina que, como resultado da súa execución e dentro do prazo de execución máximo establecido na convocatoria, se poida comezar a desenvolver a actividade empresarial declarada na solicitude ou se precisa da execución da segunda fase, que quedaría fóra do prazo de execución, para poder iniciar a actividade.</p>



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG107.2019.2.87	ANGEL NUÑEZ FERNANDEZ, S.L.U (B94182904)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 4.a) das bases reguladoras. A sociedade solicitante non ten a condición de beneficiaria.</p> <p>O artigo 4.1 das bases reguladoras indica que no caso de sociedades mercantís, o seu capital terá que atoparse maioritariamente participado pola suma das participacións de persoas físicas que cumpran a condición de novo emprendedor segundo o establecido no artigo 1.2.</p> <p>O artigo 1.2 das bases reguladoras indica que considérase novo emprendedor aquela persoa física que non estea acometendo outra actividade económica por conta propia na data de presentación da solicitude de axuda.</p> <p>A data da solicitude da axuda foi o día 18/10/2019. Pola documentación achegada, o único socio, estaba a desenvolver outra actividade económica por conta propia dende o 01/02/2019, CNAE 4339.</p>
IG107.2019.2.91	COSTA SURF, (EN CONSTITUCIÓN) (CFIC114652)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	<p>Incumprimento do artigo 4.1.a) das bases reguladoras da axuda que establece como requisito para considerarse Sociedade beneficiaria, estar válidamente constituída (debidamente inscrita no rexistro competente) na data de solicitude da axuda. A empresa solicitante non está constituída, nin inscrita no rexistro mercantil a data da solicitude da axuda (18/10/2019), e polo tanto, non cumpre o citado artigo.</p>

## ANEXO III

### Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2019.2 DAS AXUDAS PARA NOVOS EMPREENDEDORES, COFINANCIADAS POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020 (GALICIA EMPRENDE)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG107.2019.2.8	PROFOCUS IMAGEN ECOMMERCE Y PUBLICIDAD, S.L. (B32493512)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.11	BABUPE RESTAURACIÓN, S.L. (B94158011)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.12	EBANISTERIA CARPINTERIA BUXO, S.L. (B27872126)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG107.2019.2.18	45862101D	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.22	32675873A	Proxecto empresarial de novos emprendedores	DESISTENCIA DO SOLICITANTE
IG107.2019.2.23	77466274C	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.26	32711179G	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.27	35627211G	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.38	SEARA Y CABIDO LAVANDEIRAS,S.L. (B32489742)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN



Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG107.2019.2.52	52494680D	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.56	76902963W	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.61	APD MAQMASTER, S.L. (B70588678)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.63	51502862C	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.79	IRONMINDS, SL (B94194669)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.80	DA LARGO A LONGA, SL (B94178548)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.85	EIROBRA A MARIÑA,S.L. (B27341999)	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.86	34875503M	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG107.2019.2.88	32834679V	Proxecto empresarial de novos emprendedores	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN